



FERVENZAS DA REXIDOIRA

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org

17 DECEMBRO 2022

Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Próxima Ruta:
Asemblea de Socios.
21 DECEMBRO 2022

DATOS BÁSICOS

Comezo: A Rexidoira
Remate: Agra de Reboredo
Distancia lineal: 17 km.
Duración aproximada: 5 horas
Dificultade: Media-Alta.
Altura Máxima: 463 m.
Altura Mínima: 179 m.
Ascenso total: 753 m
Descenso total: 472 m

Imos comezar a ruta no lugar de A Rexidoira, parroquia de Filgueiras de Barranca, no municipio de Cesuras. Trátase dun espazo natural, de gran atractivo paisaxístico, á beira do río Mendo, considerado afluente directo do Mandeo. Aquí atopamos un área de lecer e ocio, na que a través dunha ponte de pedra, unha antiga casa de “peóns camiñeiros”, un muiño tradicional,




varios paneis didácticos e algúns xogos de coñecemento, podemos aprender sobre a historia, así coma sobre as diferentes formas de aproveitar a auga para a xeración de enerxía e sobre o vello oficio dos camiñeiros.

Este corpo ou oficio foi creado en 1790 polo Conde de Floridablanca. Os peóns, antigos funcionarios, encargábanse de coidar os diferentes camiños estatais, algúns dos cales converteríanse mais tarde nas estradas actuais. O estado asignáballes para o seu coidado un tramo de camiño e lles facilitaba unha casa emprazada ao pé do mesmo, cun pequeno terreo asociado para abastecerse de alimentos. Ademais de atender e limpar os camiños, entre as súas funcións tamén estaba a de velar pola seguridade e denunciar a todo aquel que atentara contra as vías de uso público ou simplemente fora sospeitoso. Era un traballo moi sacrificado, posto que non podían abandonar o seu posto durante todo o ano.

Dende este enclave podemos acceder a un pequeno sendeiro que nos conducirá a catro bonitas fervezas, a través das cales o río Mendo salva o desnivel natural do relevo. Así, ademais de disfrutar da riqueza paisaxística do lugar e de deleitarnos cos sons da natureza,



na area de A Rexidoira, podemos dar comezo a ruta de sendeirismo Ruta da Rexidoira (SM 17). Comezaremos neste sendeiro e continuaremos polos montes do arredor para no último tramo tomar a SM 16 ata area recreativa de



Agra de Reboredo.

O concello de Oza-Cesuras, recentemente creado, forma parte da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, na transición entre As Mariñas propiamente ditas e

as terras altas da meseta interior da provincia. O relevo do municipio é accidentado, debido a ós estribaciones da meseta de Curtis e aos vales das correntes fluviais que o atravesan, destacando o Mendo e o Mero. Cara ao sur, a paisaxe cambia e diminúe a poboación, con terras de media montaña que superan os 500 metros en Pena Moura e no Brueiro. Moitos regatos, tributarios dos anteriores, van creando unha sucesión de outeiros e pequenos vales. O Mendo, ao seu paso por Bragode, recibe o nome de río da Forcada. Nel pódese atopar, á altura de Soxal, o muiño da Forcada (restaurado); máis abaixo está a presa de Buxía (antigo salto de corrente eléctrica), seguindo a canle o muiño de Delgado (abandonado) en el Trasanquelo, no cruzamento da estrada a Curtis, o muiño de Buxía. As principais fontes de riqueza do municipio son as que proveñen da ganadería e da agricultura. A maior parte da poboación activa ocúpase nestas actividades. Así, boa parte do territorio está dedicado á explotación forestal, e o resto divídese en cultivos e pastos distribuídas en numerosas

parcelas, na súa maioría de pequena extensión. O municipio é rico en patrimonio, sobre todo castrexo e eclesástico. Posúe varios castros catalogados e interesantes áreas tumularias como a do monte do Gato, abundando as mostras de arquitectura barroca rural. Durante a Idade Media a historia destas terras estivo vinculada a un dos mosteiros máis antigos de Galicia, o de San Nicolás de

Cins. Fundado a principios do século X, foi incendiado durante as guerras carlistas. Só se conserva o templo gótico do antigo mosteiro, hoxe convertido en igrexa parroquial.

